



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

A Universidade de Vigo organiza anualmente un programa de prácticas académicas externas coas empresas para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos estudantes, en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as súas posibles saídas profesionais.

A través da sinatura deste convenio de colaboración, esta Consellería pretende adherirse ao programa de formación da Universidade de Vigo co fin de que o alumnado complemente os seus estudos teóricos e prácticos en contacto directo cos profesionais do Gabinete de Prensa da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia mediante a realización de prácticas académicas externas.

No ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o persoal eventual dos Gabinetes de Prensa realizan, de conformidade co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, tarefas de asesoramento especial ou de apoio as persoas integrantes do Consello da Xunta no desenvolvemento da súa labor política, en cumprimento dos seus cometidos de carácter parlamentario e nas súas relacións coas institucións públicas, os medios de comunicación e as organizacións administrativas, así como actividades protocolarias.

Tendo en conta o anterior, en particular o desenvolvemento de tarefas de asesoramento especial e de apoio nas súas relacións cos medios de comunicación, no marco dunha vontade de colaboración entre as partes asinantes, que delimite as garantías recíprocas do alumnado e das institucións públicas no desenvolvemento do período de prácticas e de acordo co Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios, considérase necesario un maior acercamento





entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

Neste contexto, tense previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio e durante un período de catro anos.

O convenio ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo no Gabinete de Prensa da Consellería do Medio Rural así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizadas polos estudantes universitarios e supervisadas polas universidades cuxo obxectivo é permitir a aqueles aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

A Uvigo e a Consellería do Medio Rural consideran que poden mellorar o desenvolvemento dos seus respectivos cometidos mediante a colaboración e a axuda mutua no marco da lexislación vixente, como un dos fundamentos básicos que permiten a formación integral do estudante universitario e a súa axeitada inserción no mercado laboral.

A sinatura deste convenio non comporta custe económico para a Consellería do Medio Rural pois tal como se establece na súa cláusula sexta o período de prácticas non constitúe baixo ningún concepto, unha relación laboral coa Consellería de Medio Rural. Tampouco suporá ningún custo a efectos de pagamentos á Seguridade Social, así tal como se establece na cláusula oitava do convenio as prácticas en empresas que realicen os/as estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente de pago do citado seguro. A universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes complementarios ao seguro escolar.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para





articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A secretaria xeral técnica

María Jesús Lorenzana Somoza

